

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LEIRO PARA A ADECUACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIARIO NO ENTORNO DA ÁREA RECREATIVA DA PENA CORNEIRA E NOS ACCESOS AOS MIRADOIROS DO OUTEIRAL E AO COTO DA TORRE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Leiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Leiro para a adecuación de infraestruturas e mobiliario no entorno da área recreativa da Pena Corneira e nos accesos aos Miradoiros do Outeiral e ao Coto da Torre.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece que a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo; e ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de



crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

**Segundo.-** As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

**Terceiro.-** Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

**Cuarto.-** O concello de Leiro pretende emendar o deterioro das infraestruturas do entorno de Pena Corneira e dos accesos ao mirador do Outeiral e ao Coto da Torre, para mellorar a accesibilidade e sinalización dos recursos e consolidar a oferta turística nesta zona.

A Serra da Pena Corneira foi declarada Monumento Natural polo Decreto 264/2007, de 20 de decembro (DOG nº 13, de 20 de decembro de 2007), polo seu singular valor paisaxístico e xeolóxico. A declaración desta contorna como Monumento Natural permitiu que a Serra de Pena Corneira contase cunha figura específica de protección, de maneira que soamente admitise os usos e actividades que non puxesen en perigo a fauna, flora e ecosistemas existentes, permitindo os usos ou actividades tradicionais que non poñan en perigo os valores naturais.

Para potenciar o goce desta contorna, ao longo dos anos fóronse construíndo infraestruturas turísticas no medio rural como áreas recreativas, roteiros de sendeirismo, miradoiros, aulas de interpretación da natureza,... que favorecen a afluencia de visitantes.

**Quinto.-** Entre as actuacións de mellora nas infraestruturas e dotacións do área recreativa da Pena Corneira levaranse a cabo a adecuación e saneamento das augas na contorna das fontes, a limpeza e reparación de pavimento de pedra rústico, a reparación do tellado da cuberta das mesas, a reposición do valo de madeira como as existentes e o reforzo e reposición da cartelería ambiental e dos elementos de sinalización.



No que respecta ao acceso ao miradorio de O Outeiral, levaranse a cabo a roza da vexetación das marxes e a instalación de bancos que permitan o descanso dos usuarios, así como a plantación de árbores autóctonas nas zonas de descanso.

No acceso ao miradoiro do Coto da Torre é preciso a colocación na beira dos chanzos de acceso dunha varanda a base de postes de madeira tratada e dúas liñas de corda.

Así mesmo levaranse a cabo melloras na aula da natureza.

**Quinto.-** A Axencia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito, que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrencia, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Leiro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

